

GUÍA PRÁCTICA DE COLEXIOS PROFESIONAIS



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
PRESIDENCIA,
XUSTIZA E DEPORTES

Secretaría Xeral Técnica

1. RÉXIME XURÍDICO DOS COLEXIOS PROFESIONAIS

Os colexios profesionais atópanse recoñecidos no artigo 36 da Constitución española que, ao facer referencia expresa a eles e ao considerar que deben ser regulados explicitamente por lei, os singulariza e diferencia das asociacións. Este carácter singular dos colexios profesionais vén tamén recollido na súa normativa reguladora. A Lei 11/2001, do 18 de setembro, de colexios profesionais da Comunidade Autónoma de Galicia (LCPG), en consonancia coa Lei 2/1974, do 13 de febreiro, sobre colexios profesionais (LCP), con contido de carácter básico, configúraos xuridicamente como corporacións de dereito público e recoñécelles determinados fins de carácter eminentemente público, como a ordenación da profesión ou a protección dos intereses das persoas usuarias dos servizos profesionais.

A creación dun colexio profesional debe facerse por lei autonómica, de acordo co establecido no artigo 11 da LCPG, e o seu eido de actuación circunscríbese a unha determinada demarcación territorial. Así, dentro do ámbito territorial que veña sinalado para cada colexio, non pode constituírse outro da mesma profesión e, cando estean constituídos varios colexios da mesma profesión nun ámbito inferior ao autonómico, poderá existir un consello galego con natureza e funcións propias.

Os colexios profesionais comparten moitos trazos coas asociacións profesionais, polo que pode afirmarse que a súa natureza é certamente dual. Así, entre os seus fins, a LCP recoñécelles algúns de carácter claramente privado, como a defensa dos intereses dos colexiados. Esta natureza dual pode observarse tamén atendendo ao tipo de actividade profesional para a que existen colexios profesionais. Dentro das profesións, hai que distinguir entre as libres, para cuxo exercicio non se precisa ningún requisito específico de acceso; as reguladas, para as que se precisa algún tipo de título administrativo ou o cumprimento dalgunha condición previa, como pode ser contar cuns medios básicos ou estar incluído nun rexistro; as tituladas, cuxo exercicio se supe dita á posesión dun título académico específico e, por último, as colexiadas, que só poden ser exercidas polos profesionais que estean inscritos no colexio profesional correspondente.

As profesións colexiadas, polo seu propio carácter, contan con colexio profesional. Porén, existen tamén colexios profesionais para profesións nas que a colexiación non é obrigatoria, suposto que pode chegar a cuestionar o carácter público dos devanditos colexios profesionais, xa que nestes casos os seus fins asimílanse aos dunha asociación profesional. Non pode esquecerse o feito de que os colexios están compostos por profesionais que deben competir entre si no mercado ofrecendo os seus servizos e que as súas actuacións están indubidablemente suxeitas ao dereito da competencia.

A regulación dos colexios profesionais experimentou unha profunda revisión nos últimos anos por mor da aprobación da Directiva 2006/123/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de decembro de 2006, relativa aos servizos no mercado interior (directiva de servizos), que se configura como unha das reformas estruturais da Unión Europea de maior calado na culminación do mercado interior.

A directiva de servizos traspúxose ao ordenamento xurídico estatal a través da Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio (lei paraugas). Esta norma establece como réxime xeral a liberdade de acceso ás actividades de servizos e o seu libre exercicio en todo o territorio estatal, e regula como excepcionais os supostos nos que se permite impoñer restricións a estas actividades. Para a consecución deste obxectivo, prevese un modelo regulamentario caracterizado pola eliminación de barreiras innecesarias, desproporcionadas ou discriminatorias. En concreto, considérase que os réximes de autorización, como a colexiación obrigatoria, son unha restrición á liberdade de establecemento e, en consecuencia, deben cumprir obrigatoriamente os requisitos de necesidade, proporcionalidade e non discriminación.

A Lei 1/2010, do 11 de febreiro, de modificación de diversas leis de Galicia para a súa adaptación á Directiva 2006/123/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de decembro de 2006, relativa aos servizos no mercado interior (lei ómnibus galega) adaptou a normativa au-

tonómica á directiva de servizos e modificou, entre outras, a Lei de Colexios Profesionais de Galicia.

As entidades corporativas deben inscribirse no Rexistro de Colexios Profesionais e de Consellos Galegos de Colexios Profesionais, de conformidade co previsto no Decreto 161/1997,

do 5 de xuño, polo que se regulan os consellos galegos de Colexios Profesionais e polo que se crea o Rexistro de Colexios Profesionais e os seus Consellos, así como na Orde do 18 de marzo de 1998 pola que se regula o Rexistro de Colexios Profesionais e de Consellos Galegos de Colexios Profesionais da Comunidade Autónoma de Galicia.

Que é un Colexio Profesional?

Os Colexios Profesionais son corporacións de dereito público con personalidade xurídica propia e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins. Son fins esenciais destas corporacións a ordenación do exercicio das profesións, a representación institucional exclusiva destas cando estean suxeitas a Colexiación obrigatoria, a defensa dos intereses profesionais dos Colexiados e a protección dos intereses dos consumidores e usuarios dos servizos

dos seus Colexiados. Os Colexios Profesionais están suxeitos ao dereito administrativo no relativo á constitución dos seus órganos e en canto exerciten funcións administrativas.

Os Colexios Profesionais teñen personalidade xurídica desde o momento en que entra en vigor a súa norma de creación e a capacidade de obrar desde o momento en que se constitúen os seus órganos de goberno.

Para que serve a inscrición rexistral?

No Rexistro de Colexios Profesionais e de Consellos Galegos de Colexios Profesionais inscribíranse, para os efectos de publicidade e para a súa constancia e coñecemento, os Colexios Profesionais e os Consellos Galegos, así como os seus estatutos.

En canto aos efectos da inscrición, convén salientar o exercicio da publicidade rexistral, mediante a que se outorga un xeral coñecemento da existencia das corporacións, xunto cos estatutos e a composición do órgano de

goberno, e é ademais un requisito indispensable para acceder ás axudas económicas convocadas pola Xunta de Galicia. Así mesmo, estas entidades deben ter adaptados os seus estatutos á LCPG e a Administración autonómica terá a capacidade de suspender tanto as delegacións de competencias como a eficacia dos convenios para aquelas corporacións que incumpran a referida obrigaición.

Só pode denegarse a inscrición por razóns de legalidade.

Que entidades corporativas son obxecto de inscrición no Rexistro de Colexios Profesionais e de Consellos Galegos de Colexios Profesionais?

O Rexistro de Colexios Profesionais e de Consellos Galegos de Colexios Profesionais (RCP) é un rexistro xeral que ten por obxecto a inscrición daqueles Colexios Profesionais que desenvolvan a súa actividade exclusivamente no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia. Tamén deberán inscribirse no RCP aqueles Consellos Galegos de Colexios constituídos polos Colexios Profesionais dunha mesma profesión con ámbito territorial circunscrito á nosa comunidade autónoma.

Para os efectos de constancia e publicidade, poderán inscribirse no RCP as delegacións galegas dos Colexios Profesionais de ámbito supraautonómico.

Non se inscriben neste rexistro as fundacións, asociacións, partidos políticos, sindicatos e organizacións empresariais, igrexas, confesións e comunidades relixiosas, federacións deportivas e calquera outra entidade regulada por leis especiais.

Como podo saber se unha entidade está inscrita no Rexistro de Colexios Profesionais e de Consellos Galegos de Colexios Profesionais?

Non tes máis que acudir á nosa base de datos pública, onde poderás comprobar, entre outros, o número de inscrición, o nome com-

pleto, o ámbito e a data de inscrición. Fai a consulta a través desta ligazón:

[Consulta colexios profesionais](#)

Que tipos de inscrición hai?

Non só é rexistrable a constitución dunha entidade corporativa, senón que hai diversos feitos que se suceden durante a súa existencia que son igualmente inscribibles.

Os tipos de inscricións máis habituais son os seguintes:

- Inscrición inicial
- Modificación dos estatutos
- Modificación da denominación
- Modificacións do órgano de goberno
- Extinción

2. COMO SOLICITAR A INSCRICIÓN NO RCP

Quen pode presentar unha solicitude?

Poderá facelo a propia corporación, mediante o certificado dixital, así como a persoa que ocupe a súa presidencia, como representante legal, co certificado ou chave365.

Nos demais casos, será necesario acreditar a representación por calquera medio válido en

dereito que deixe constancia fidedigna da súa existencia, xa sexa mediante un documento público notarial, por comparecencia electrónica na sede electrónica da Xunta de Galicia ou a través da acreditación da inscrición no Rexistro Electrónico Xeral de Apoderamentos de Galicia.

En que lugar presento a miña solicitude?

Lembra que as solicitudes de inscrición deben realizarse a través da sede electrónica da

Xunta de Galicia, mediante o modelo normalizado PR203A, que se atopa na seguinte ligazón:

[Solicitude PR203A](#)

A quen dirixo a solicitude?

O rexistro é único para toda a Comunidade Autónoma de Galicia e está adscrito á consellería competente en materia de colexios

profesionais (Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes).

[A onde dirixirse](#)

Teño que presentar documentación orixinal?

Si, os documentos achegados, que darán soporte á inscrición, deben ser orixinais. Por este motivo, non se admiten fotocopias, documen-

tos escaneados ou calquera outro tipo de reprodución que se realice.

Os documentos orixinais requiridos para a tramitación deben ser documentos orixinais asinados dixitalmente ou copias electrónicas auténticas dos documentos asinados en papel.

Se non dispós de documentos asinados dixitalmente, antes da presentación electrónica da túa solicitude podes dixitalizar os documentos asinados manualmente e obter unha copia auténtica.

Nas oficinas de atención ao cidadán e de rexistro da Xunta de Galicia poderás obter unha copia electrónica auténtica da documentación orixinal en papel, logo do pagamento da taxa correspondente.

Podes ampliar a información sobre as copias electrónicas auténticas a través da seguinte ligazón:

Información copias electrónicas auténticas

Que documentación teño que anexar á miña solicitude?

Relacionamos, a continuación, os tipos de inscrición máis frecuentes, así como a documentación que terás que acompañar á solicitude en cada un deles.

Se necesitas información sobre outros procedementos ou ampliar esta información, debes acceder á seguinte ligazón:

Trámites

Inscrición inicial

No ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia, a creación de colexios profesionais farase por lei do Parlamento galego. Cando o exercicio da iniciativa legislativa sexa do Consello da Xunta, o correspondente anteproxecto de lei de creación farase a pedimento dos profesionais interesados e tras a apreciación por parte do Goberno autonómico do interese público concorrente na creación do colexio.

Unicamente se poderá crear un novo colexio profesional respecto daquelas profesións para cuxo exercicio se esixa estar en posesión dun título académico oficial e tamén respecto daquelas actividades profesionais cuxo exercicio estea condicionado á posesión dun título oficial que acredite a cualificación e habilite legalmente para o seu exercicio.

Contido da documentación para a inscrición inicial do colexio:

- Norma de creación
- Estatutos provisionais ou, se é o caso, definitivos
- Certificación da aprobación dos estatutos polo órgano competente
- Certificación da composición da comisión xestora/xunta de goberno
- Certificación da aprobación dos estatutos polo consello xeral
- Informe, se é o caso, do consello galego de colexios

Non poderá constituírse máis dun colexio profesional de idéntica profesión dentro dun mesmo ámbito territorial.

Para saber se un determinado colexio ou consello galego figura inscrito no RCP, consulta o ficheiro de entidades corporativas a través da seguinte ligazón:

Consulta colexios profesionais

Accede a toda a información e aos modelos de documentos para inscribir entidades corporativas na seguinte ligazón:

Trámites

Modificación dos estatutos

Os colexios profesionais gozan de autonomía para a elaboración e aprobación dos seus estatutos, sen máis límites que os establecidos polo ordenamento xurídico. Os estatutos deben de asegurar que a estrutura interna e o funcionamento dos colexios sexan democráticos.

Os colexios profesionais comunicaranlle á consellería competente en materia de colexios profesionais os estatutos aprobados, así como as súas modificacións, para os efectos da súa aprobación definitiva, logo da cualificación de legalidade e da inscrición no rexistro de colexios.

Unha vez aprobados os estatutos, publicaranse no Diario Oficial de Galicia mediante unha orde da consellería competente en materia de colexios profesionais.

Cando se trate de colexios profesionais únicos no ámbito territorial da comunidade autónoma, a aprobación definitiva será competencia do Consello da Xunta, e publicaranse no Diario Oficial de Galicia o decreto aprobatorio, os correspondentes estatutos e as súas modificacións.

Os estatutos dos colexios profesionais recollerán as determinacións esixibles pola lexislación básica do Estado e, ademais, o seguinte contido:

- Denominación, domicilio, sede e, se é o caso, delegacións, así como o ámbito territorial do colexio profesional.
- Requisitos para a admisión no colexio e causas de denegación. Deberá constar en todo caso a titulación oficial esixida.

Modificación da denominación

A denominación dos colexios profesionais responderá á titulación oficial requirida para a incorporación dos seus compoñentes ou á profesión que desempeñen.

A denominación dos colexios profesionais non poderá coincidir nin ser similar á doutros colexios existentes ou susceptible de inducir a

- Causas de suspensión ou perda da condición de colexiado.
- Dereitos e deberes dos colexiados.
- Denominación, composición e forma de elección dos seus órganos de goberno, así como requisitos para formar parte destes.
- Procedemento para a remoción dos órganos de goberno por medio da moción de censura efectuada pola asemblea ou pola xunta xeral.
- Competencias e réxime de funcionamento da asemblea ou xunta xeral e dos demais órganos de goberno, tendo en conta os supostos en que poidan producirse vacantes en máis da metade dos seus membros, e forma de adoptar acordos.
- Réxime económico-financeiro.
- Réxime de distincións e premios.
- Réxime disciplinario, coa tipificación das infraccións e sancións en que poidan incurrir os colexiados, así como o procedemento sancionador.
- Réxime xurídico dos actos dos colexios e recursos contra estes.
- Supostos e procedementos para instar a disolución do colexio e o réxime de liquidación.

Documentos para presentar:

- Estatutos consolidados coas modificacións realizadas.
- Certificación da aprobación dos estatutos polo colexio.
- Certificación da aprobación dos estatutos polo consello xeral.
- Informe, se é o caso, do consello galego de colexios.

erro en canto a quen sexan os profesionais integrados nese colexio profesional.

O cambio de denominación dun colexio profesional deberá ser informado polos colexios e consellos galegos que non exerciten a iniciativa e polos que poidan resultar afectados polo novo nome. A súa aprobación reali-

zarase por medio de decreto do Consello da Xunta de Galicia.

Documentos para presentar:

- Certificación da modificación da denominación polo colexio.
- Informe do Consello Galego de Colexios.

Modificacións do órgano de goberno

A identidade das persoas titulares do órgano de goberno debe inscribirse no RCP tras o correspondente proceso de elección ou nomeamento ou cando se produza calquera alteración na súa composición durante o mandato.

Documentos para presentar en caso de nomeamento ou substitución:

- Certificación da composición do órgano de goberno do colexio.

Extinción de colexios profesionais

A extinción dos colexios profesionais será promovida polas propias entidades, de conformidade co disposto nos seus respectivos estatutos, e require a aprobación por decreto tras a audiencia dos demais colexios afectados.

Hai que remitir a seguinte documentación:

- Certificación da aprobación da disolución do colexio.
- Xustificante da liquidación, unha vez realizada.

A extinción do colexio determinará a apertura do procedemento de liquidación, que deberá ser realizado polas persoas liquidadoras, de conformidade cos estatutos e co decreto de disolución da entidade. Estas deberán velar pola integridade do patrimonio realizando as operacións precisas para a liquidación, cobrando os créditos pendentes e pagándolles aos seus acredores.

O órgano de liquidación deberá realizar as seguintes actuacións:

- Confección do inventario e balance de situación da entidade na data de inicio do procedemento de liquidación.
- Finalización das operacións de xestión iniciadas ao acordar a extinción e das novas que deban levarse a cabo, cobranza dos créditos pendentes e cancelación das débedas cos acredores de todo tipo e pola orde de prelación establecida.
- Calquera outra actuación que sexa conveniente ou necesaria para as persoas interesadas no procedemento.

Unha vez concluídas as operacións, os liquidadores deberán remitirlle á consellería competente en materia de colexios profesionais a documentación xustificativa da execución da referida liquidación, incluída aquela relativa ao destino dos bens sobrantes, de conformidade co previsto nos estatutos. Se existise remanente, o destino do patrimonio resultante non poderá en ningún caso desvirtuar o carácter non lucrativo da entidade corporativa.

Resolución do procedemento de inscrición

A aprobación definitiva dos estatutos, que se instrumentalizará mediante a publicación no Diario Oficial de Galicia da correspondente disposición aprobatoria, deberá producirse no prazo máximo de seis meses e, unha vez transcorrido o citado prazo sen declaración expresa, esta entenderase que é favorable.

O prazo de resolución dos demais procedementos será de tres meses, computables desde a data de entrada da solicitude no Rexistro Electrónico da Xunta de Galicia. No devandito prazo, farase efectiva a publicación ou a notificación da correspondente disposición ou resolución, respectivamente.

Se fose necesario emendar algunha deficiencia ou a achega de documentos, notificárase o respectivo requirimento, co obxectivo de que a persoa interesada poida corrixir os defectos observados.

Só se poderá denegar a inscrición no rexistro por razóns de legalidade, e sempre mediante resolución motivada.

Documentos para presentar:

3. PUBLICIDADE DO RCP: OBTENCIÓN DE CERTIFICADOS E COPIAS

- Solicitud mediante o modelo PR203A, para o que hai que seleccionar o tipo de certificado pretendido ou aquela documentación requirida.

Neste caso, a simple presentación da solicitude outorga a condición de persoa interesada, motivo polo que non é necesario acreditar a representación.

4. TAXAS

O seguinte cadro ofrece información útil para cubrir o impreso de autoliquidación de taxas aplicables a inscricións e información sobre o rexistro de colexios. Neste relación

nense as denominacións e os códigos das unidades administrativas tramitadoras e dos actos sometidos ao aboamento de taxa e importes.

Consellería (código 04):	Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes
Delegación: (código 13)	Servizos Centrais
Servizo (código 17):	Colexios profesionais

CÓDIGO	TAXA	TARIFA (€)
30 46 01	Inscrición inicial no rexistro	38,35 €
30 46 02	Inscrición de modificación de estatutos	19,20 €
30 46 03	Inscrición de modificación do órgano de goberno	19,20 €
30 46 05	Inscrición de fusión, escisión e extinción	19,20 €
30 46 10	Outros actos sometidos a inscrición	8,09 €
30 46 11	Copia doutros documentos, información, certificacións ou listaxes	3,85 €
30 46 13	Anotacións de calquera clase ou subministración de datos	8,09 €
30 46 14	Expedición de copia de estatutos	19,20 €

O custo dun certificado é sempre o correspondente a un só folio (3,85 €).

Os pagamentos poderanse realizar, logo da presentación do documento de paga-

mento correspondente, en calquera das oficinas bancarias habilitadas pola Consellería de Facenda e Administración Pública ou ben a través da sede electrónica da Axencia Tributaria de Galicia

Información e pago de taxas

5. CONTACTO

Necesito más información

Pódese ampliar a información contida nesta guía na ligazón:

[Colexios profesionais e consellos galegos](#)

Esta ligazón permite obter información, modelos orientadores de documentación e toda a información necesaria para a liquidación

de taxas con relación aos procedementos que tramita a Xunta de Galicia en materia de colexios profesionais.

Atención personalizada

Se todo o anterior non terminou de resolver as túas dúbidas, poñemos á túa disposición te-

léfonos de contacto e correos electrónicos para solucionarlas.

REGISTRO DE COLEXIOS PROFESIONAIS E OS SEUS CONSELLOS

Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes

Servizo de Entidades Xurídicas e Corporativas

Tfno.: 981 957 394

Correo-e: colexios.profesionais@xunta.gal



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
PRESIDENCIA,
XUSTIZA E DEPORTES

Secretaría Xeral Técnica

Complexo Administrativo San Caetano
San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela